

## Renovación Consello Escolar 2022\_[0]\_ CIRCULAR FAMILIAS

### Estimadas familias:

En cumprimento do establecido na *Resolución do 19 de setembro de 2022, DOG do 30 de setembro*, **queda aberto o prazo para a elección de membros ao Consello Escolar**. Informamos hoxe dos seguintes puntos:

1. **SORTEO:** Mañá, xoves 27 de outubro, procederase ao sorteo dos membros da Xunta Electoral ás 11:30 horas na Sala do Profesorado.
2. **NORMAS XERAIS:**
  - 2.1. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e á nai, ou se é o caso, aos titores legais.
  - 2.2. A organización e supervisión do procedemento de elección de membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral.
  - 2.3. No taboleiro do colexio estará exposto o censo electoral podendo presentar, se procede, reclamacións ao devandito censo ata o 17 de novembro.
  - 2.4. Todos os pais, nais e titores legais poden presentar a súa candidatura desde o día **11 ao 18** de novembro, ambos os dous inclusive.
  - 2.5. Unha vez que a Xunta Electoral proclame as candidaturas (día **22 de novembro**) haberá un prazo de dous días (**24 e 25**) en horario lectivo, para reclamacións contra a proclamación.
  - 2.6. A mesa electoral estará constituída polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais, nais ou titores/as legais designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos/as, actuando como secretario/a o de menor idade. O devandito sorteo celebrarase o día **15 ás 09:10 horas**.
  - 2.7. **A votación de pais/nais/titores legais terá lugar o MARTES día 29 de novembro desde as 16:00 ás 18:00 horas.**
  - 2.8. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector/a acreditarase mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento oficial.
3. **CALENDARIO:** o calendario anteriormente exposto publicarase, ao igual que toda a información do proceso, no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web a partir do 7 de novembro, despois da súa aprobación pola Xunta Electoral.

Narón, 26 de outubro de 2022.

O director e presidente da Xunta Electoral  
Xosé Nel Comba Paz